



XIV Premios de Teatro

MARÍA CASARES 

24 de marzo de 2010 · 20.30 horas
Teatro Rosalía Castro da Coruña

 Asociación de
actores e actrices
de Galicia

Os galardóns da escena galega

Os Premios María Casares son os galardóns de carácter anual que distinguen as producións escénicas galegas feitas en lingua galega. Outórganse no ámbito da comunidade autónoma ás montaxes estreadas durante o ano anterior á súa concesión e a todos os profesionais que nelas participan. Creados e promovidos no ano 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) cumpren a misión de servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega na súa integridade, dende os maquilladores, vestiaristas, iluminadores, músicos, guionistas, adaptadores, tradutores, autores, escenógrafos, iluminadores e directores ata o corpo actoral.

Os galardóns constan de trece categorías ou apartados representativos do traballo realizado ademais do Premio de Honra “Marisa Soto”, que se enumeran a continuación:

- Maquillaxe
- Vestuario
- Iluminación
- Música orixinal
- Adaptación/Tradución
- Texto orixinal
- Escenografía
- Actor secundario
- Actriz secundaria
- Actor protagonista
- Actriz protagonista
- Dirección
- Espectáculo

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa a preto de 300 profesionais do audiovisual e das artes escénicas de Galicia, cuxa misión é articular, desenvolver e promocionar o sector en especial a través da elevación técnica e a mellora laboral dos seus profesionais, acorde coas máis modernas políticas culturais. O colectivo asume tamén o obxectivo de fomentar a demanda cultural e a captación de público.

Dende a súa constitución en 1985, a AAAG foi consolidando a súa representatividade e gañando posicións. Hoxe é o interlocutor de referencia entre as administracións públicas e o sector empresarial escénico e audiovisual e un dos axentes culturais con máis presenza pública en Galicia. E todo cun papel proactivo, que se singulariza polo lanzamento de iniciativas produtivas que contribúen a xerar emprego para os asociados.

En materia laboral e de representatividade sectorial a asociación reivindica melloras e trata de garantir o cumprimento dos convenios; presta asesoramento laboral e xurídico aos socios; xestiona unha bolsa de emprego e actualiza un catálogo de profesionais asociados, en versión impresa, dixital en formato DVD e on line. Ademais organiza cursos de formación e ofrece unha axenda con información sobre eventos, cástings, cursos e bolsa de traballo, mantén unha biblioteca virtual de textos de teatro e lecturas dramatizadas e elabora estudos e informes sobre o sector.

Na actualidade a Asociación de Actores e Actrices de Galicia está inmersa nun proceso de reformulación expansiva das súas funcións e servizos, ademais de vir de inaugurar hai menos de un mes a súa nova sede, situada no Polígono de Novo Milladoiro, en Ames. Cunha utilidade social debidamente contrastada, a AAAG ven obtendo un constante recoñecemento e respaldo financeiro por parte da AGADIC, AISGE, SGAE e outras entidades públicas desde un enfoque de fomento da demanda cultural en Galicia e de apoio á vertebración do noso sector escénico e audiovisual.

María Casares: unha actriz universal

As razóns que levaron á Asociación de Actores e Actrices de Galicia a bautizar os galardóns da escena galega co nome de María Casares vense sustentadas na propia biografía e nunha dilatada carreira profesional, merecedora de lle render homenaxe, de quen foi a primeira actriz galega de proxección internacional. María Casares estudou interpretación no Conservatorio de París, onde conseguiu entrar en 1941 malias dificultades cun idioma que aínda non dominaba. O seu primeiro papel profesional foi en *La Celestina*. En outubro de 1943 representou con grande éxito a obra de Georges Neveux *El viaje de Teseo* e protagonizou varias obras escritas por Camus, como *El malentendido*, *Estado de sitio* y *Los justos*, ademais de obras de Sartre, Jean Anouilh, Jean Cocteau, Genet y Claudel, convertíndose na musa do existencialismo francés.

En 1949 entra na Comédie Française e cinco anos máis tarde no Teatro Nacional Popular (TNP), compañía pública cunha forte preocupación social. Deu vida ás grandes protagonistas dos dramaturgos máis recoñecidos, como Lady Macbeth, María Tudor ou Ana Petrova, en obras de Shakespeare, Victor Hugo, Antón Chéjov, Ibsen ou Eurípides, entre outros. Iniciouse no cine cun papel secundario nunha película de Marcel Carné, *Os nenos do paraíso* e en 1944, protagoniza *As damas da Fraga de Boloña* de Robert Bresson. Jean Cocteau dirixiuna en *Orphéo* (1950).

A súa residencia en París non foi libremente escollida senón produto do exilio. María Casares Quiroga acompañou a seu pai Santiago Casares Quiroga, ministro e xefe de Goberno da República durante o Goberno de Manuel Azaña, en 1939, pouco antes do final da Guerra Civil. Por este motivo representa aqueles artistas galegos que por razóns políticas e/ou económicas se viron forzados a emigrar. En 1977 voltou a España para representar *El Adefesio*, de Rafael Alberti, en Madrid e Barcelona.

En 1989 conseguiu o Premio Molière á mellor actriz de teatro e foi nominada aos César. Recibiu do Goberno francés o Premio Nacional de Teatro, e en España, a Medalla ao Mérito das Belas Artes. Obtivo o Premio Segismundo da Asociación de Directores de España. A propia María Casares aceptou que os premios de teatro de Galicia levasen o seu nome, pero o seu pasamento en 1996 impediulle asistir á primeira edición dos mesmos.

A historia dos premios

A historia dos Premios María Casares de Teatro remóntase ao ano 1997, catorce anos antes desta última edición, cando por iniciativa da Asociación de Actores e Actrices de Galicia se instituíron os primeiros premios que recoñecían a labor dos profesionais que fan teatro en galego dentro na nosa comunidade autónoma, enchendo un oco baleiro ata o momento no eido do recoñecemento e estímulo aos artistas e os técnicos da escena do país.

Os premios son concedidos dende o criterio dos propios compañeiros de profesión, integrados nun censo de electores conformado polos asociados da AAAG, todos os gañadores e finalistas das edicións anteriores, os programadores de toda Galicia, os críticos e estudosos teatrais. A idea é promocionar e colocar o teatro no lugar que merece dentro das artes e da cultura.

A convocatoria dos Premios María Casares de Teatro realízase todos os anos facendo coincidir o seu fallo e entrega coa celebración do día Mundial do Teatro, o 27 de marzo. Cando coincide esta data cun día entre o venres e o domingo postérgase ou adiántase na semana. Dende 1997 foron ducias de actores, actrices, maquilladores, deseñadores, músicos, autores, escenógrafos, directores, compañías e promotores a prol da dramaturxia galega que viron recoñecido o seu traballo e dedicación.

25 anos da AAAG

Neste 2010, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia cumpre 25 anos. Dende os tempos das Mostras de Ribadavia, 1973-1980 ata hoxe, o teatro galego foi consolidando a súa profesionalización, cun decidido compromiso coa nosa cultura e coa nosa lingua.

Moitos foron os cambios dende aquelas datas. Pasamos da dictadura á democracia, e coa democracia á Autonomía de Galicia. Un ano antes da creación da nosa Asociación no 1985, púñase en marcha o Centro Dramático Galego.

A Asociación traballou intensamente dende o seu nacemento por mellorar e consolidar a actividade teatral profesional, con propostas que recollimos no noso “libro roxo”, e que foron concretándose, por exemplo, na posta en marcha do IGAEM, hoxe AGADIC, da Rede Galega de Teatros, Auditorios e Salas, e da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

E mais recentemente, na consecución longos anos agardada, do Convenio Colectivo de Teatro. Os Premios de Teatro María Casares xa son un momento central no noso esforzo permanente por difundir e promover a actividade dos nosos profesionais, e das Compañías teatrais galegas. E por suposto, de estimular ó público, que nestes anos incrementouse de xeitonotable.

Gracias por tanto a todos e todas, así como as entidades públicas e empresas privadas que colaboran para que poidamos celebrar esta festa anual do Teatro

Vicente Montoto
Presidente da AAAG

Premio de honra 2010

A Xunta Directiva da Asociación AAAG acordou outorgar o Premio de Honra “Marisa Soto” 2010 dos Premios de Teatro María Casares ao actor Gonzalo Uriarte (A Coruña, 1952), como recoñecemento ao que foi o seu primeiro presidente trala constitución da AAAG en 1985. Neste ano en que cumpre o 25 aniversario da súa creación a AAG quere honrar así na persoa de Gonzalo Uriarte non só a un excepcional actor cunha longa traxectoria nas artes escénicas senón tamén simbolizar nel o recoñecemento a todos os profesionais que fixeron posible a fundación da AAAG.



Gonzalo Uriarte leva tras de si unha longa traxectoria que comezou coa fundación da compañía de teatro Troula en 1978. Ese mesmo ano acadaría o Premio da Crítica 1979 co espectáculo “O Velorio”. Uriarte estaría moi presente nos difíciles inicios tanto no teatro como no audiovisual galego: en 1984, data de creación do Centro Dramático Galego, formou parte do reparto do primeiro espectáculo da compañía, “Woyzek”, mentres que no 89 forma parte de Continental, considerada un dos xérmolos do cinema galego actual.

Despois virían preto dunha trintena de montaxes, co Centro Dramático Galego, Producións Noroeste, Teatro do aquí, Teatro do Morcego ou Talía Teatro e tamén os recoñecementos.

Foi galardoado co Premio María Casares 1997 ao mellor actor protagonista por “A noite das Tríbades”, dirixida por Xulio Lago, e tamén obtivo o María Casares ao mellor actor secundario pola persoa de Horacio no espectáculo “Hamlet”, en 2007.

No audiovisual tamén lle chegaron os premios: Agapi 1998 á mellor interpretación masculina por “A lingua das bolboretas”, de José L. Cuerda. A súa presenza en producións como “Mareas Vivas”, “Rías Baixas” ou “As leis de Celavella” non pasaría desapercibida aínda que foi a súa interpretación na serie “Libro de Familia” pola que acadaría a nominación como mellor actor secundario nos Premios Mestre Mateo 2006. “El Comisario” ou “Hospital Central” tamén lle deron a oportunidade de mostrar o seu talento no audiovisual español nunha completa carreira.

A gran festa do teatro galego

Todos os anos o Teatro Rosalía Castro da Coruña acolle a Gala dos Premios de Teatro María Casares, facendoa coincidir co Día Internacional do Teatro. Este ano a cita é o mércores, 24 de marzo. A elección da cidade da Coruña como sede da celebración débese ao lugar de procedencia da persoa que da nome aos Premios, a actriz María Casares, filla predilecta da cidade.



O evento é retransmitido pola televisión pública de Galicia e cada ano a súa celebración responde á intención de destacar ou reivindicar un aspecto determinado da profesión ou do sector. Previamente a Festa dos Nominados, celebrada o pasado 3 de marzo na nova sede da Asociación de Actores e Actrices

de Galicia (AAAG) no Polígono Novo Milladoiro, deu a coñecer os finalistas nas distintas categorías que optan aos Premios de Teatro María Casares.

O evento, cun marcado carácter festivo, serve ademais como punto de encontro entre os actores e actrices, directores, autores, o resto dos traballadores teatrais e os distintos axentes sociais.



NOMINADOS XIV PREMIOS MARÍA CASARES

Mellor Maquillaxe

Fanybell por “Atra Bile” de Teatro de Ningures

Raquel Fidalgo por “A Esmorga” de Sarabela Teatro

Fanybell por “Testosterona” de Chévere

Mellor Vestiario

Carlos Alonso por “Saltimbanquis” de Teatro Do Morcego

Cloti Vaello por “Bicharada” de Berrobambán

Ruth D. Pereira por “A Esmorga” de Sarabela Teatro

Susa Porto por “O Xogo de Yalta- Afterplay” Teatro Do Atlántico

Mellor Iluminación

Baltasar Patiño por “As Dunas” de Centro Dramático Galego

David Deive por “Saltimbanquis” de Teatro Do Morcego

Suso Díaz por “A Esmorga” de Sarabela Teatro

Mellor Música Orixinal

Fran Pérez “Narf” por “O Segredo dos Hoffman” de Lagarta Lagarta

Manuel de Dios, Yury Sidar e Vadzim Yukhnevich por “A Esmorga” de Sarabela Teatro

Manuel Riveiro por “A Pensión” de Redrum Teatro

Xacobe Martínez por “Testosterona” de Chévere

Xavier Constenla por “O Xogo de Yalta-Afterplay” Teatro Do Atlántico

Mellor Adaptación - Traducción

Artur Trillo por “Palabras Encadeadas” de Talía Teatro

Begoña Muñoz e Carlos Couceiro por “A Esmorga” de Sarabela Teatro
Roberto Salgueiro por “O Segredo dos Hoffman” de Lagarta Lagarta

Mellor Texto Orixinal en Galego

Manuel Lourenzo por “As Dunas” do Centro Dramático Galego
Mofa & Befá por “Shakespeare para Ignorantes” de Producións
Teatráis Excéntricas
Santiago Cortegoso por “Os Cómicos Dell’Auto” de Teatro De
Ningures

Mellor Escenografía

Paco Conesa por “Glass City” (Cidade de Cristal) de Teatro do
Noroeste
Rodrigo Roel por “O Xogo de Yalta- Afterplay”
Suso Díaz por “A Esmorga” de Sarabela Teatro

Mellor Actriz Secundaria

Blanca Cendán por “Saltimbanquis” de Teatro do Morcego
Fina Calleja por “A Esmorga” de Sarabela Teatro
Iolanda Muiños por “Saltimbanquis” de Teatro Do Morcego
Rebeca Montero por “O Segredo dos Hoffman” de Lagarta Lagarta
Rosa Álvarez por “A Esmorga” de Sarabela Teatro

Mellor Actor Secundario

Tito R. Asorey por “A Esmorga” de Sarabela Teatro
Quico Cadaval por “Shakespeare para Ignorantes” de Producións
Teatráis Excéntricas
Xosé Barato por “O Segredo dos Hoffman” de Lagarta Lagarta

Mellor Actriz Protagonista

Belén Constenla por “O Segredo dos Hoffman” de Lagarta Lagarta

Mónica Camaño por “Kvetch (unha Comedia Americana sobre a Ansiedade)” de Teatro Do Morcego

Patricia de Lorenzo por “Testosterona” de Chévere

Mellor Actor Protagonista

Jose A. Porto “Josito” por “A Esmorga” de Sarabela Teatro

Toño Casais por “Palabras Encadeadas” de Talía Teatro

Víctor Mosqueira por “Shakespeare para Ignorantes” de Producións Teatráis Excéntricas

Mellor Dirección

Ánxeles Cuña Bóveda por “A Esmorga” de Sarabela Teatro

Artur Trillo por “Palabras Encadeadas” de Talía Teatro

Rosa Álvarez por “O Segredo dos Hoffman” de Lagarta Lagarta

Xesus Ron por “Testosterona” de Chévere

Mellor Espectáculo

“A Esmorga” Sarabela Teatro

“O Segredo dos Hoffman” Lagarta Lagarta

“Palabras Encadeadas” Talía Teatro

BREVE SINOPSE DOS ESPECTÁCULOS QUE ACADARON NOMINACIÓNS

(entre paréntese, número de nominacións acadadas)

A ESMORGA (12): Sarabela Teatro traenos a obra cume da nosa narrativa cando se cumpren 50 anos da publicación da novela do extraordinario autor ourensán, Eduardo Blanco Amor. Esta traxedia, máis contemporánea que nunca, combina con absoluta normalidade a esencia absoluta de vida e da morte. Intensa e apaixonada, introdúcese na traxedia desde a primeira escea.

O SEGREDO DOS HOFFMAN (7): Neste espectáculo, Lagarta, Lagarta achéganos a unha familia que pasa por unha encrucillada vital na que se deciden a preguntar, escoitar e confesarse o que nunca se atreveron nin a pensar. Situados nun momento en que a verdade ábrese paso e xa non hai volta atrás, os catro membros da familia somérxenos nas coordenadas que vertebran a condición humana, desde o amor ao perdón.

PALABRAS ENCADEADAS (4): Talía Teatro nos envolve nun thriller psicológico absorbente no que, a través do clásico xogo no que a partir da última sílaba dunha palabra ha de crearse a seguinte, se poñen nunha balanza a vida, os medos e os rancores dun psicópata e a súa vítima, unha muller. Verdades e mentiras acaban diluídas ata un punto no que xa non hai diferenza entre elas.

SALTIMBANQUIS (4): Teatro do Morcego achéganos un espectáculo infantil que ten como base o clásico conto dos irmáns Grim. Os protagonistas, un burro, un can, unha galiña e unha gata, que conforman un conxunto musical mentres viaxan cara á cidade dos seus soños na procura de mellores condicións de vida.

TESTOSTERONA (4): Definido como un exorcismo emancipatorio e teatral, Chévere cuestiónase con esta creación a división normativa da sociedade en dous sexos, plantexando a posibilidade dun xénero de código aberto, copyleft, modificable e flexible sen renunciar aos elementos propios do seu teatro como o humor e a irreverencia.

O XOGO DE YALTA – AFTERPLAY (3): Os amantes da obra de Chejov atoparanse con dúas pezas nas que se combinan as risas e a dor, o drama coa comedia. Teatro do Atlántico constrúe no Xogo de Yalta unha sorprendente peza dramática que nos arrastra ao contraditorio mundo amoroso e convulso de dous mozos nunha difícil encrucillada mentres que

en Afterplay seremos partícipes da corrente de confesións dunha parella.

SHAKESPEARE PARA IGNORANTES (3): Producións Teatrais Excéntricas serve nesta ocasión e cunha transparencia expositiva, un discurso inxenioso desde o que tirar interesantes conclusións sobre a vida. A obra diríxese a un público ansioso de novas sobre Shakespeare, considerado por moitos como o zoológo que mellor coñeceu á especie humana.

AS DUNAS (2): No 25 aniversario do CDG, a obra proponnos unha viaxe pola Mariña lucense da man dunha estrafalaria tropa formada por músicos, danzantes e cantores que ensaian os números musicais que interpretarán para un spa que vai ser a revolución da zona. Jazz, amor, exploración e aventura entre Barreiros e a Ponte dos Santos.

A PENSIÓN (1): Un conto gris sen final feliz. Así define Redrum Teatro esta creación que explora as consecuencias da soidade, a desconfianza e a represión como factores que corrompen ao ser humano e o despoñan da capacidade de emocionarse e ser feliz. Unhas persoaxes abandonadas no fío da cordura que nos mergullan nun mundo interior e complexo.

BICHARADA (1): Berrobambán volta ao territorio do mudo, da linguaxe visual e ao humor sen palabras a través deste espectáculo no que nos presentan unha traballada posta en escea. Unha araña e unha formiga viven feliz no seu recantiño ata que chega ás súas vidas un escaravello nunha historia tan máxica como sinxela, tan imaxinaria como real.

ATRA BILE (1): Teatro de Ningures preséntanos un espectáculo que xira arredor dos segredos, o odio e o resentimento de toda unha vida. Tres irmás velan o cadáver do marido da única que se casou, unha circunstancia que propiciará que agromen todos os convencionalismos sociais da época nunha espectáculo de gran complexidade emocional.

GLASS CITY, Cidade de cristal (1): Un lugar e unha época: A Coruña, 1958. Aí se sitúa esta cuidada produción de Teatro do Noroeste. Cidade de Cristal é unha obra musical de gran formato na que participan catorce actores e actrices e conta con músicos en directo que interpretan os temas musicais e as cancións do espectáculo.

OS CÓMICOS DELL'AUTO (1): Catro actores e unha actriz de Teatro de Ningures encarnan aos diferentes persoaxes deste espectáculo que se desenvolve arredor dun vello autobús. Durante o percorrido polas diferentes rúas da cidade, os cómicos interpretan as cancións e a música

en directo mentres se desgranan os arquetipos universais extraídos da Commedia dell'Arte.

KVETCH, unha Comedia Americana sobre a Ansiedade (1): Teatro do Morcego volve aos textos de Steven Berkoff nun espectáculo liberador, impúdico, xubiloso, devastador e feroz co que pretende exorcizar os medos e estrés diarios de toda caste, os “kvetch”, nunha obra dedicada a todos os que teñen medo a algo.

Asociación de Actores e Actrices de Galicia
Rúa das Hedras Nivel o Local I
15895 Milladoiro , Ames
www.aaag.es

Máis información:

Carmen Fernández

Teléfono: 652 12 23 88

comunicacion.premiosmariacasares@aaag.es